

3.600.000 €

PARA A CREACIÓN DE 80 NOVAS PRAZAS DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL EN LUGO



## Un centro pioneiro en saúde mental no corazón de Lugo

Seguro que ao longo destes meses me escoitaches dicir que as persoas están no noso modelo para Lugo. Unha vez máis, conseguimos pasar das palabras aos feitos coa creación do que será o **primeiro Centro de Atención Integral á Saúde Mental en Galicia**, que se localizará na antiga sede de **Aspnais**, na Rampa de Claudio López.

A Xunta de Galicia destina un investimento de **3,6 millóns de euros** para a reforma integral destas instalacións, nas que se poñerán á disposición da veciñanza un total de **80 prazas**. Así, o novo inmoble acollerá un **centro de día**, un **centro residencial**, unha área social e diferentes zonas polivalentes de uso común.

Unha vez rematada a rehabilitación -cuxo proxecto se vai licitar nos vindeiros días-, a administra-

ción autonómica cederalle o edificio á Asociación Lucense pola Recuperación e a Integración das persoas con trastornos mentais (**ALUME**), nun novo exemplo de colaboración entre a administración pública e unha entidade privada.

Con esta intervención, a Xunta amosa unha vez máis o seu **compromiso inequívoco** coa poboación luguesa e tamén a súa responsabilidade coa conservación dun edificio que é da súa titularidade, ao que lle dá un novo uso sociosanitario. Mentres **o Concello de Lugo deixa sen un mínimo mantemento edificios seus só para confrontar coa Xunta** (Cuartel de San Fernando ou novo auditorio de Magoi, por exemplo), a administración autonómica si asume as obrigas das súas propiedades.

Neste senso, quero agradecerlle ao **presidente Alfonso Rueda**, á **conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García**, e á Delegación da Xunta, encabezada por **Javier Arias**, a súa sensibilidade con esta dotación, que era unha das medidas do **programa electoral** co que me presentei á alcaldía en maio de 2023. E, por suposto, é preciso subliñar o gran labor que leva desenvolvido **Alume** ao longo de trinta anos a prol das persoas con problemas de saúde mental. Estou convencida de que este centro é un recoñecemento a esta acción tan necesaria, que dentro duns meses, poderán levar a cabo nun complexo pioneiro.

**Elena Candia López**

Voceira do PP no Concello de Lugo



# O QUE CONSEGUIMOS NO ÚLTIMO TRIMESTRE



## Construcción de 146 pisos de promoción pública en Garabolos

A Xunta impulsa a construción de dous inmobles nas inmediacións do Parque de Bombeiros, aos que se destinarán máis de **28 millóns de euros** co obxectivo de que estean **dispoñibles no 2026**. Ademais desta intervención, a administración galega avanza noutras 300 vivendas de promoción pública nesta mesma contorna, que se suman a outras 60 en **Montirón, A Piringalla e Paradai**.



## 2,5 millóns de euros para impulsar dotacións sociais na Milagrosa

A Xunta está á espera da licenza de obra municipal para investir **1,7 millóns de euros** en mellorar a **residencia pública da Milagrosa**: reorganización da entrada, modernización da fachada ou reordenación de espazos. Neste mesmo barrio, a Xunta prevé licitar estas semanas unha **reforma integral do centro de saúde**, obra á que destina **3,1 millóns de euros**.



## Melloras na protección do patrimonio por valor de máis de 3 millóns de euros

Neste ano 2025 quedarán resoltos os **problemas de humidades** na Catedral de Santa María, coa mellora da canalización das augas, da drenaxe e da ventilación. Ademais, está revisto **rehabilitar os espazos anexos** á banda oeste do claustro para transformalos en espazos de uso cultural, actuacións que completan á **restauración do claustro** recentemente rematadas.





# EN BREVE

**Máis buses á Coruña e á Mariña:** comezou a funcionar a 'Liña Conecta', con 92 servizos máis á semana e menos tempo de viaxe.

**Mundial de motocross:** Lugo acollerá o 10 e 11 de maio unha nova proba grazas ao apoio da Xunta por segundo ano consecutivo.

**Museo da Romanización:** os orzamentos da Xunta de 2025 inclúen unha partida de 500.000 euros para o cuartel de San Fernando.

## Restauración dos danos estruturais do tellado da Capela do Carme



Logo de que a xunta de goberno da Confraría da Virxe do Carme expresara o seu malestar pola **falta de palabra e de seriedade da actual alcaldesa**, quen non respectou un acordo da súa antecesora, a **Xunta de Galicia asumiu integramente** a reparación dos danos estruturais da cuberta desta igrexa, obra na que investiu máis de 140.000 euros para reconstruír as pezas afectadas e deter a entrada de humidade.



## Avances para a nova comisaría da Policía Nacional na zona da Abella



Promovemos un **pleno extraordinario** para que o goberno local puxese á disposición do Ministerio do Interior as parcelas necesarias para a nova comisaría na esquina das **rúas Orquídea e Aquilino Iglesia Alvariño**. Este acordo tomouse minutos antes do pleno, pero case tres meses despois PSOE e BNG aínda non aclararon como van conseguir a superficie precisa.

## Recuperación dos lagos de Teixeira e nova senda peonil en Ombreiro



A Xunta destina 350.000€ a rutas de **sendeirismo**, un **miradoiro** no Monte Castelo e mellora de **infraestruturas recreativas** nos lagos de Teixeira, parroquia na que inviste 95.000 euros no camiño de acceso a **Ruade**. A administración autonómica tamén avanza nunha **senda peonil** entre **Ponte Ombreiro e Torre de Riazón** (610.500€), na estrada LU-234. Tamén mellorará a seguridade viaria na parroquia de **Castelo**.



# DESMONTANDO O PSOE...

8 exemplos que avalan que estamos diante dun goberno que **non escoita** e que **bloquea** o presente e o futuro do Concello:

1.

A presión veciñal e a nosa acción política obrigaron ao PSOE a rectificar a súa idea de levar fóra do barrio do **Sagrado Corazón** o novo **centro de saúde**. A Xunta leva **agardando dende 2021** por terreos para construír esta dotación, que reclamamos para a **parcela do antigo colexio**.



2.

**Rúas enteiras sen auga** durante case un día en Noiteboa ou **negocios sen auga** media semana en Bispo Basulto amosan a **incapacidade do goberno** para garantir un servizo eficaz de reparación de fugas. Esta situación débese ao desmantelamento da brigada de augas e a continuos parches.



Ademais de minimizar os **problemas de seguridade na Milagrosa**, cualificando de pouco real e alarmista a situación que viven os veciños, o PSOE inventa novas promesas de rehabilitación sen **cumprir os sete anuncios previos** neste campo para este barrio que precisa **intervencións urxentes**.

3.



4.

A Policía Local recibiu **numerosas denuncias** en ano e medio por caídas polo mal estado do pavimento nas rúas que se peonalizan no centro (o número real é moi superior, porque moita xente non denuncia). Mentres, os comercios sufriron **importantes perdas económicas** outro Nadal máis.



A falta de **sensibilidade** coas entidades sociais apréciase en que en todo o 2024 o goberno non foi capaz de sacar as bases para as **subvencións** de concorrencia competitiva, en que este ano nin sequera houbo a Diversiarte ou en que existen entidades coas **axudas co importe conxelado** dende 2014.

5.



Recompilamos **máis de mil sinaturas** para reclamar aparcadoiros en **Fontiñas**, para o que propuxemos solucións coma un en altura na contorna do número 105. O Concello nin atende esta necesidade nin abre a **Avenida Vila Verde**, unha intervención que podería ter feito hai sete anos.

6.



7.

O PSOE continúa negando **servizos fundamentais** para a zona **rural**: nin facilita terreos para a colocación de **antenas de telefonía móbil** nin quere ampliar o convenio coa Xunta para dotar de **abastecemento a Esperante**, unha intervención que a alcaldesa comparou cun aeroporto.



O colapso no eido do **Urbanismo** continúa agravándose malia o nomeamento dun Director Xeral: o **prazo medio de tramitación de licenzas** supera o ano en zona urbana e os dous anos no rural. Isto desanima a instalarse en Lugo, lastrando o crecemento do municipio.

8.





# ...E DESMONTANDO O BNG

O BNGponse **de perfil** nos temas relevantes para Lugo e en vez de centrarse no seu traballo de goberno, o que fai é **oposición**:



Concello de Lugo

## A TODAS AS DEPENDENCIAS

Comunican de Alcaldía que a Excm. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, **estará ausente dende as 19.00 ás 21.00 horas do día de hoxe**, 30 de decembro.

Durante este período farase cargo da Alcaldía o Primeiro Tenente de Alcaldesa, don Rubén Arroxo Fernández.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- A SECRETARIA XERAL DO PLENO.- Asdo.: Ana María Rivas García.

1.

Tal como indica un informe dos servizos que velan pola legalidade do Concello, PSOE e BNG **incumpren a lei de Contratos**. A complicidade entre ambos para **saltarse as normas** chega ata o punto de que acordan entre eles ausentarse dúas horas para que, nese tempo, un firmara o do outro.



2.

Iniciado o segundo trimestre do curso, a **Escola Municipal de Música** continúa pechada, o **Parque Infantil de Tráfico** esmorece sen actividade e a **Banda** segue sen ocupar o lugar que merece, malia o nomeamento dun director para esta agrupación.



3.

A confrontación coas persoas propietarias de postos da **Praza de Abastos** tradúcese en descualificacións cara elas, desincentivado a compra neste espazo. Esta falta de apoio tamén se aprecia na **renuncia a unha axuda** de 9.000 euros para Mercados de Excelencia.



4.

A falta dunha mínima planificación condena aos **centros educativos** a comezar o curso sen un mantemento digno e sen **personal esencial** coma conserxes. Ademais, o BNG négase a elaborar un **informe de necesidades** que permita corrixir deficiencias fóra dos períodos lectivos.



5.


A apertura dos **aparcamentos dos IES Nosa Señora dos Ollos Grandes e do Lucus Augusti** fóra do horario lectivo conta co apoio de todas as institucións, pero agora que hai que documentar a regulación para que sexa **seguro** e de **convivencia pacífica** coa comunidade educativa, o BNG desaparece.



## Sabías que...?

### Plan de Investimentos do Concello 2024

- Total previsto: **14,1 millóns de euros**
- Total realizado: **2,4 millóns de euros**
- 12 dos 16 proxectos ou non se empezaron ou están na fase inicial



17% executado

73% sen executar



# ESTIVEMOS CONTIGO



Asistimos á gala de entrega dos **Premios Son Muller**, promovidos pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo para reivindicar a achega das mulleres ao desenvolvemento económico.



Participamos nos actos organizados con motivo do **Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido** con este xesto, que alude ao golpe e dano que sofre o noso cerebro nesta circunstancia.



## A Residencia, un barrio cheo de vida

O investimento e o esforzo da Xunta para rehabilitar o **barrio de San Antonio** debe complementarse con actividades que contribúan á verdadeira revitalización da zona. Por iso, implicámonos de cheo no exitoso **Mercadiño de Nadal** organizado pola Asociación Cultural de Veciños e Comerciantes da Residencia. Posteriormente, este mesmo mes de xaneiro, máis de 150 persoas xuntáronse na **Festa do Cocido** celebrada na contorna do Centro Integral de Saúde.





# #EscoitaActiva



Continuamos coa nosa axenda de reunións, coma a que mantivemos cos responsables de **axencias de viaxes**, coas nosas visitas a colectivos, coma a de **Aprevar** e tamén co noso calendario de visitas ás parroquias, coma a de **Pías**, que vimos de rematar na súa segunda volta.



Viaxamos a Valladolid para a **presentación do Arde Lucus na Feira Internacional do Turismo de Interior (INTUR)** como exemplo do necesario impulso dos nosos recursos culturais.



Continuamos co noso apoio aos equipos lugueses, como na presentación da tempada do **Lugo Sala**, un club referente que cumpriu unha década cunha forte aposta polas **categorías infantís**.



Acudimos á **presentación do libro** 'Los maragatos de la puerta de San Pedro', que reconece a contribución da familia Pérez Carro ao **comercio de Lugo** durante 145 anos na rúa San Pedro.



Colaboramos coa '**Candaina Solidaria**' promovida polo Hospital Veterinario HA a beneficio da **Protectora de Animais e Plantas** e de **Michos Lugo** con motivo do 25 aniversario da empresa.





# 2024 EN CIFRAS



**66**

proposicións  
levadas a  
pleno

**125**

preguntas  
realizadas  
nos plenos

**2**

plenos  
extraordinarios  
promovidos

**125**

rogos  
formulados  
nos plenos

**615**

preguntas  
e rogos en  
comisión



Fronte Común  
Lugo - Ferrol  
para reclamar  
a chegada do AVE

Xuntanza de  
confraternidade  
de Nadal



**LUGO**

Contigo Lugo faise grazas ás túas achegas

📍 Praza Maior, 1

✉ grupomlugo.pp@lugo.gal

☎ 618 626 902

📘 @PPLugolocal

🐦 @PPConcelloLugo

📷 @ppconcellolugo

📺 @comunicacionpplugo

Produto feito con papel certificado